

VIEIROS

Edición xeral

'A TERRA CANTADA', DE CAMILO NOGUEIRA

Cantando a nación

Camilo Nogueira reúne neste libro un bo feixe de artigos e mesmo intervencións parlamentarias, que van dende o tratamento da historia medieval galega ata as relacións coa Comunidade Europea ou a crítica do imperialismo estadounidense. Rechamantes son así mesmo os artigos dedicados ao galego, que Nogueira non considera lingua minoritaria, senón maioritaria, posto que para el é unha variante dialectal da lingua falada en Portugal, Galicia, Brasil e as antigas colonias portuguesas de África e Asia. Despois de lermos o libro, podemos concordar máis ou menos con Nogueira, pero do que non dubidamos é de que Galicia (ou Galiza como el quere) é unha verdadeira nación, e non só porque así o proben os feitos do pasado, senón porque é posible un futuro como nación. Unha crítica de **Manuel Rodríguez Alonso** no [Cartafol de libros](#).

- 09:18 12/04/2006